



MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN AISGE

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará coa AISGE, o instrumento convencional arriba indicado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Fundación AISGE para facilitar a edición dos libros do Taller de Memoria da Escena Española desenvolvidos nos cursos-talleres da súa sede en Santiago de Compostela en galego, e contribuír ao fomento do uso e defensa da lingua galega e ao legado duradoiro dos artistas galegos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego. As dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de





divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Así mesmo, as partes pretenden mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar o seu uso.

Desde os seus inicios a AISGE realizou un importante labor pola defensa da lingua galega e cara á completa normalización da lingua galega nos ámbitos nos que desenvolve a súa actividade, por iso, é intención da Fundación AISGE coeditar os títulos da edición do Taller de Memoria celebrada en Galicia en castelán e en galego, para facilitar a difusión da actividade artística e cultural da rexión e da Secretaría Xeral da Lingua apoiar esta iniciativa para o fomento da lingua galega.

O desenvolvemento do obxecto do convenio proxectado non suporá custo económico directo para a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude imputable a partidas do seu orzamento de gastos, xa que con este convenio a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, colaborará no desenvolvemento das accións obxecto deste convenio de colaboración mediante o asesoramento lingüístico á entidade. Este asesoramento non comporta un incremento de custo para a Administración autonómica e efectúase dentro do marco competencia do fomento do uso do idioma galego no eido social coa finalidade de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.

O carácter singular dos atributos e características que posúe como entidade a AISGE fan que destaque entre outras entidades do seu sector pola súa sensibilidade cara á cultura e lingua galegas que acompaña de accións encamiñadas a normalizar e dinamizar o uso do idioma galego.





A Fundación AISGE promoverá actos de recoñecemento a artistas que foron referentes no ámbito artístico e cultural e tamén na defensa da lingua galega, realizará actos de presentación dos seus libros para que sirvan de exemplo a outros artistas e para a súa difusión na sociedade galega, ademais preveu no seu Plan de Actuación de 2025 organizar cursos-talleres que contribúan á formación dos artistas intérpretes do medio audiovisual e á edición das obras creadas no desenvolvemento do curso o «Taller da Memoria da Escena Española».

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Polo exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Valentín García Gómez

